

A Rede de Dinamización presenta o seu programa para febreiro en Boiro

O CDSI boirense saca oito novos obradoiros para o mes de febreiro

En Boiro, a 20 de xaneiro de 2010. A Rede de Dinamización da Sociedade da Información, en colaboración co concello de Boiro, anuncia novas actividades de achegamento ás Novas Tecnoloxías que terán lugar no mes de febreiro no CDSI. Os obradoiros a desenvolver e as datas nas que terán lugar son os seguintes:

- o “Iniciación á Informática”: aberto á poboación en xeral, busca capacitar ás persoas asistentes no manexo con certa soltura dos obxectos (arquivos, cartafoles, ferramentas ...) e funcionalidades básicas que ofrece un computador. Desenvolverase de 11 a 13 horas desde o luns 1 ao venres 5 de febreiro.
- o “Mecanografía”: destinado a poboación xeral. Levarase a cabo dende o 2 ao 10 de febreiro en horario de 18:30 a 20:30 horas. Esta actividade está pensada para capacitar ao usuario no manexo correcto do teclado así como na súa mellora de escritura nun ordenador.
- o “Iniciación a Internet”: destinado á poboación en xeral, levarase a cabo de 11 a 13 horas do 8 ao 12 de febreiro, co obxectivo de capacitar ás asistentes no emprego de forma básica das aplicacións e ferramentas fundamentais relacionadas coa rede Internet.
- o “Retoque fotográfico: Gimp”: do 15 ao 22 de febreiro en horario de 11 a 13 horas, busca capacitar ás persoas asistentes no retoque de imaxes dixitais empregando o programa libre GIMP
- o “Folla de cálculo”: destinado a poboación xeral, levarase a cabo do 18 ao 24 de febreiro en horario de 18:15 a 20:15 horas e busca capacitar no manexo básico da aplicación de follas de cálculo mediante o emprego OpenOffice Calc.
- o “Procura de información na internet: *googlear*”: con esta temática levaranse a cabo tres obradoiros de 8 horas cada un deles e as persoas destinatarias da formación son tres grupos de maiores de 60 anos. O obxectivo é capacitar aos asistentes no manexo do buscador máis popular en Internet e optimizar as procuras para que os resultados sexan mellores. Levaranse a cabo durante os martes, mércores e xoves de 16 a 18 horas, un día para cada grupo durante todo o mes.

A **Rede de Dinamización**, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, enmarcada no **PEGSI** (Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información) é unha das estratexias fundamentais para a inclusión na Sociedade da Información. A Rede ten entre os seus principais obxectivos titorizar a cidadanía con maiores dificultades e proporcionarlles os medios e ferramentas necesarios para poder formar parte activa da S. I. A RDSI conta con 45 dinamizadores e dinamizadoras espallados pola xeografía galega en diversos Centros de Dinamización, nos que se desenvolven charlas, obradoiros e cursos de alfabetización dixital, entre outros, adaptados ás necesidades de diferentes colectivos sociais como son mulleres, persoas maiores, persoas con discapacidade, xuventude, asociacións e empresas.

O **prazo de inscrición** será até o comezo das actividades, ou até o fin de prazos. Para solicitar **máis información** sobre as actividades poden dirixirse ao CDSI de Boiro, sito no Centro Social, 2º andar, chamar ao teléfono 981.842.635 ou mandar un correo electrónico aos enderezos:

natalia.rianxo@dinamiza.fundacioncalidade.org / samuel.boiro@dinamiza.fundacioncalidade.org

Contacto: Natalia Alcalde Regenjo e Samuel Rodríguez Lado; Dinamizadores da Sociedade da Información. Para máis información sobre o proxecto pódese acudir ao portal web da Rede de Dinamización da Sociedade da Información: www.redededinamizacion.eu.